

## TEMA 8.- ECONOMÍA E SOCIEDADE NO PERÍODO DE ENTREGUERRAS.

### RECONSTRUCCIÓN, PROSPERIDADE NOS ANOS 20 EN EEUU E EUROPA.

A 1ª guerra mundial tivo como unha das consecuencias máis importantes, o paso do predominio económico mundial de Europa a EEUU, que se converte na principal potencia mundial, mentres Europa intenta recuperar a normalidade alterada polo conflito bélico.

Nos primeiros anos da década dos vinte, Europa vive un período de grandes dificultades económicas e políticas, perdendo a hexemonía mundial en favor de EEUU, principal exportador de bens (materias primas) e capitais (inversión, empréstitos), xunto a países como Canadá, Australia, Arxentina ou Xapón.

Algúns dos graves problemas que deberon solucionar os países europeos foron os das débedas e as indemnizacións de guerra, que se trataron de solucionar mediante **a emisión de papel moeda sobre as reservas de ouro o que provocou inflación e devaluación das moedas europeas** (moita demanda e escasa oferta de produtos), **co conseguinte endebedamento destas con respecto ó dólar americano** (única moeda con solidez) e a **conseguinte dependencia das súas economías con EEUU**.

A redistribución das reservas do ouro mundial en beneficio de EEUU fai deste país o principal acreedor de Europa e de **Wall Street o principal foco financeiro e de préstamos ó longo prazo do mundo, imprescindible para manter a reconstrucción europea**, substituindo a Londres e a súa moeda a libra que eran hexemónicas antes da guerra.

**As débedas interaliadas eran moi elevadas, sobre todo as de Alemaña coas potencias vencedoras, debido as fortes sancións económicas aplicadas en Versalles** (fálase de 132 mil millóns de marcos a pagar en 42 anos a partir de 1921). A incapacidade alemá para pagar tal cantidade provocou a ameaza francesa de ocupación do seu territorio.

Pero ademáis, **os restantes países europeos tamén estaban hipotecados con EEUU e necesitaban as indemnizacións alemás para pagar esas débedas**, por iso os intentos alemáns de retrasar os pagos levaron a conflitos continuos nestes anos entre os países europeos.

Dentro dos anos vinte temos que diferenciar dúas etapas desde o punto de vista económico:

Fase de reconstrucción económica (1918-24).- Época de reparacións de guerra, na que a situación agrávase pola crise económica de 1920-21, provocada pola **redución da produción, o aumento do desemprego e a hiperinflación que desestabiliza as moedas europeas**, sobre todo en Alemaña.

**A consecuencia son as fortes convulsións sociais e políticas que ameazaron as democracias europeas**, sobre todo en países como Italia (auxe dos fascismos, 1922) ou España (dictadura militar de Primo de Rivera, 1923), e **o aumento da agresividade internacional** (ocupación do Ruhr polas tropas francesas e belgas en 1923 para cobrar en especie as débedas alemás).

**As solucións para a estabilización monetaria** (Conferencia de Génova, 1922, Plan Dawes, 1924), **baséanse na moratoria concedida a Alemaña para pagar a débeda en cómodos e longos prazos e nun préstamo concedido por EEUU para aliviar a súa situación** e estimular

dese modo a inversión en Europa. **A crise de 1929 paralizou o proceso definitivamente**, estimándose as devolucións alemás para ese ano en torno a un 20 e 40 % do total estimado.

Fase de recuperación e prosperidade económica (1924-29).- A redución das débedas interaliadas por parte de EEUU e a reanudación dos créditos cara Europa supoñen unha mellora da situación. Alemaña e Francia con novos dirixentes, buscan a normalización das súas relacións.

**En 1925 organízase a Conferencia de Locarno**, en Suiza, a que asisten os representantes de países como Alemaña, Francia, Bélxica, Reino Unido, Italia, Polonia ou Checoslovaquia, firmándose **varios tratados e acordos, destacando un sistema de garantías para os acordos territoriais establecidos en Versalles**, mantendo as fronteiras occidentais de Alemaña, a cambio de que ésta renuncie ós territorios perdidos na guerra (Alsacia e Lorena). **En cambio non se resoven os problemas nas fronteiras orientais de Alemaña**, posibilitando os acordos de Francia con Checoslovaquia e Polonia.

Outros acordos foron a entrada de Alemaña na Sociedade de Nacións, e o compromiso dos países europeos de resolver as súas disputas ante o Tribunal da Haia. É o chamado **espírito de Locarno, un clima de distensión e cordialidade internacional que levou a superación do revanchismo de Versalles**, inaugurando un novo período de seguridade colectiva e de triunfo da diplomacia pacífica, que trouxo consigo un período de expansión económica, os chamados “felices anos vinte”.

**A sinatura do Pacto Briand-Kellog en 1928**, no que se renunciaba a guerra como medio para resolver os conflitos entre Estados **foi a culminación deste período de estabilidade económica e política en Europa**.

#### **A PROSPERIDADE EN EEUU NOS ANOS 20. A SOCIEDADE DE CONSUMO.**

O potencial económico norteamericano incrementouse durante e despois da guerra grazas as peticións de produtos e suministros por parte dos países europeos, o que evitou a anterior competencia destes países, convertindo a EEUU no líder económico mundial. Este liderazgo caracterizouse por unha serie de trazos económicos, ideolóxicos e sociais.

Non intervención nos asuntos europeos.- **Os presidentes republicanos que sucederon a Wilson foron contrarios a intervención nos asuntos europeos dacordo coa opinión popular**, defendendo a posición tradicional de illamento de EEUU.

Conservadurismo e puritanismo.- O triunfo da Revolución bolxevique en Rusia, e a axitación social posterior, xunto a extensión do socialismo, anarquismo e sindicalismo en Europa, provocaron o **temor na burguesía e no pobo norteamericanos ante a posibilidade de perder a estabilidade social e os seus valores tradicionais**, o que levou a un **predominio das posicións sociais conservadoras e puritanas**.

O conservadurismo manifestouse na **represión e persecución de comunistas e anarquistas, e na intolerancia ante as minorías** (forte control da inmigración, creación do movemento racista Ku Klux Klan, difusión da ideoloxía WASP), mentres que o puritanismo manifestouse na

**aprobación de leis como a Lei Seca de 1919, que foi un fracaso** xa que contribuíu ó aumento da delincuencia organizada en torno ó tráfico clandestino de alcohol.

Consumo de masas.- Tras a crise de 1921, a 2ª metade dos anos 20 foi de prosperidade, cun incremento da produción e das actividades industriais, comerciais e bancarias, aumentando o nivel de vida e de benestar do norteamericano medio (“felices anos vinte”).

**O aumento da produtividade pola aplicación dos novos sistemas productivos** (taylorismo, fordismo), **levou a un descenso dos prezos dos produtos favorecendo o consumo de masas, estimulado polos novos métodos de venda a prazos e compra a crédito**, xunto a difusión da publicidade e o incremento do aforro entre os cidadáns.

**As industrias que cobran maior expansión son as do automóbil, as químicas, as eléctricas e as de bens de consumo** (electrodomésticos, medios de comunicación...). Ademais se asiste a **un proceso de concentración empresarial e de creación de grandes imperios comerciais e industriais**, sobre todo en sectores como o do automóbil ou no petróleo.

### **A CRISE DE 1929.**

O crecemento dos anos 20 afirmouse sobre bases inestables e presentou enormes desequilibrios e limitacións, sobre todo **cando o ritmo de produción foi tan elevado que superou á demanda existente**, creando a chamada **crise de subconsumo ou sobreprodución**.

#### **ANTECEDENTES DA CRISE.**

A Superprodución.- A expansión norteamericana e a recuperación das economías europeas dispararon a produción por encima dos niveis de consumo da época, sobre todo na 2ª metade dos anos 20. **A agricultura foi a primeira e principal afectada, xa que a constante e elevada mecanización e tecnificación no campo facilitou o aumento da produción e a caída dos prezos**, coa conseguinte perda do poder adquisitivo do campesino.

**As boas colleitas de 1925, incrementaron os stocks agrícolas** (productos perecedeiros), e **os campesinos** que invertiran moitos cartos en mellorar as súas explotacións, **comezaron a endebedarse ó non vender a súa produción**.

A produción industrial acabou sufrindo o mesmo proceso de  **saturación dos mercados consumidores, descendendo a demanda de produtos de uso e consumo**, (como electrodomésticos ou automóviles),  **ante a insuficiente capacidade de compra dos obreiros. Este subconsumo acabou provocando un enorme aumento dos stocks agrarios e industriais** a partir de 1927.

A Especulación bursátil.- A consecuencia do aumento da produción e do volumen de negocios e de beneficios das empresas, as accións da Bolsa de Nova York foron aumentando o seu valor a partir de 1925, a medida que iban incrementándose a compra das mesmas polos cidadáns.

**Esta alza vertixinosa dos valores bursátiles non iba paralela ó aumento dos beneficios das empresas, senón que obedecía a causas especulativas**, pola abundancia de capitais e a  **facilidade de obter créditos ou préstamos bancarios ou dos “brokers”** (corredores de bolsa) para a compra de accións. Ata un 10% dos cidadáns americanos acabaron invertindo os seus

aforros na compra de accións entre 1928-29, pero **tamén os bancos e moitas empresas industriais e comerciais desviaron parte das súas inversións produtivas cara a Bolsa.**

### **A CRISE DE 1929. O CRAC DA BOLSA DE NOVA YORK.**

En setembro de 1929 aparecen os primeiros indicios de dificultades na Bolsa, e a primeiros de outubro manifestáanse as tendencias das accións a baixa, iniciándose a venda masiva de accións o 24 de outubro (o Xoves Negro de Wall Street), pero a caída dos valores das accións ante a nula demanda e xa irreversible, e durará ata 1932.

A crise bursátil desencadena unha serie de reaccións en cadea:

-Crise bancaria e financeira .- **Quebra de moitos bancos ó perder os seus investimentos por non poder cobrar os créditos contraídos polos seus arruinados clientes,** ademais de ter que **facen fronte a retirada dos depósitos dos clientes que non invertirán en Bolsa e temían perder os seus aforros.** A falta de liquidez obrigou a moitos pequenos bancos a pechar sen poder devolver eses depósitos, e outros tiveron que **repatriar os capitais investidos en Europa** ou restrinxir os seus créditos para poder sobrevivir.

- Crise produtiva.- **A crise bancaria e a restricción do crédito, ademais da redución do consumo, creou problemas de liquidez en moitas empresas** (sobre todo nas que máis invertirán os seus capitais na Bolsa), que tiveron que pechar ou diminuír o número de empregados para reducir costes, **augmentando o paro enormemente.**

### **AS CONSECUENCIAS DA CRISE. A GRAN DEPRESIÓN DOS ANOS 30 E AS RESPOSTAS A CRISE.**

**A hexemonía norteamericana na economía mundial provocou a extensión da crise por todo o mundo,** pola retirada dos créditos exteriores para facer fronte as demandas de liquidez externa e a limitación das importacións ó estranxeiro, **sendo os países máis afectados Alemaña, Austria e Gran Bretaña, os máis dependentes do capital norteamericano.**

### **AS CONSECUENCIAS DA CRISE. A DEPRESIÓN DOS ANOS 30.**

A descapitalización dos bancos europeos que non poden facer fronte ós reembolsos a EEUU, afonde o sistema financeiro mundial, provocando **a ruina das empresas e o peche das fábricas, incrementándose enormemente o desemprego en todo o mundo** excepto na URSS que non estaba conectada coas economías capitalistas. É o que se coñece como **a época da gran depresión (1929-33),** que tivo as seguintes características:

-Consecuencias económicas.- A contracción violenta da produción e o comercio pon en cuestión o liberalismo económico decimonónico. **Iniciase o intervencionismo do Estado na economía mediante políticas proteccionistas** (taxas aduaneiras) e **de redución do déficit público** (deflación, limitación do gasto público, subida de impostos, baixada de salarios...), **pero foron un fracaso xa que estimularon o paro e a recesión ante o caída do consumo.**

- Consecuencias sociais e culturais.- Diminución da natalidade e aumento da mortalidade. Interrupción do proceso migratorio de europeos a EEUU.

**A crise afectou sobre todo as clases medias e baixas** que ante o desorbitado aumento do paro, a fame, a miseria e os desafuzamentos, tiveron que acudir a beneficiencia pública para poder comer. **Agudízase a tensión social e as protestas obreiras e folgas increméntanse**, sendo reprimidas con dureza polas autoridades.

**A situación dos campesinos foi aínda máis dura**, xa que ante a incapacidade de pagar as débedas perderon as súas terras e **tiveron que emigrar as cidades vivindo en barrios de chabolas (as “hooverilles”)**.

A crise de valores provoca a **aparición dunha serie de escritores que denuncian a situación, cunha literatura realista, descarnada e de crítica social contra o capitalismo** e en favor das vellas tradicións americanas, é a chamada **“xeneración perdida”**(Hemingway, Faulkner...).

-Consecuencias políticas.- **A forte competencia económica entre os estados favorece os nacionalismos agresivos e o descrédito das democracias parlamentarias**, perdéndose o espírito solidario de Locarno e provocando o **ascenso dos réximes totalitarios, apoiados polas empobrecidas clases medias**.

#### **AS RESPOSTAS A CRISE. O NEW DEAL E AS TEORÍAS DE KEYNES.**

O fracaso das medidas iniciais contra a crise, provocou a partir de 1933 a xeneralización de políticas de intervención do Estado na economía, **acabando co mito capitalista do libre xogo económico (“laissez faire”)**, baseado nas teorías de Adam Smith.

Precisamente outro economista inglés **John Maynard Keynes**, foi o máis crítico co **liberalismo económico clásico**, propoñendo o intervencionismo estatal e a regulación dos mercados, como alternativa, **buscando aumentar o investimento público mediante grandes obras para acabar co desemprego e aumentar capacidade de consumo dos traballadores**. Incluso fala de certa planificación estatal da economía do país ó faltar a iniciativa privada.

**As ideas de Keynes foron aplicadas a finais dos anos 30**, sobre todo en EEUU, e o seu éxito contra o desemprego, significou a revisión do capitalismo, **converténdose na base da política económica occidental despois da 2ª guerra mundial**.

#### **O New Deal norteamericano.**

O fracaso dos gobernos republicanos de Hoover contra a crise económica, levou ó poder nas eleccións de 1932 en EEUU, ó demócrata **Franklin Delano Roosevelt**, **que puxo en marcha un programa de reformas coñecido como “New Deal”** (novo reparto), **baseado en actuar contra o enorme paro e a falta de consumo interno**.

Para conseguir a recuperación económica, era necesario reactivar a produción, o consumo e os investimentos mediante **a intervención do Estado en todos os sectores da economía**:

-Sector financeiro: reforma da Bolsa, suprimindo os préstamos especulativos, e da Banca, establecendo garantías de protección dos depósitos dos particulares.

- Sector monetario: devaluación do dólar para aumentar as exportacións, e emisión de moeda para pagar os investimentos do estado o que provoca o aumento dos prezos.

- Sector agrícola: políticas de subvencións dos produtos agrarios, para incrementar o nivel de vida dos campesiños, a cambio de reducir as colleitas (“stocks”). As malas colleitas de 1934-36 fixeron fracasar en certa medida este proxecto.

- Sector industrial: aprobación da **NIRA (National Industrial Recovery Act)**, para o control da **producción e dos prezos das industrias**, axudando as empresas por medio de subvencións, créditos, ou nacionalizando as máis deficitarias; pero tamén favorecendo ó traballador con medidas como o salario mínimo, a xornada laboral de 40 horas semanais e o dereito a sindicarse.

**Foi moi importante a gran inversión en obras públicas e infraestruturas** (estradas, pontes, aeroportos, encoros) **que permitiu a creación de numerosos postos de traballo** (en 1938, de case 4 millóns de parados, máis dun millón traballaban en obras públicas), destacando a construción de centrais hidroeléctricas no val do Tennessee.

**Os resultados do New Deal**, aínda que non foron todo o espectaculares que se esperaba, **posibilitaron unha gran recuperación económica do país e diminuíron os efectos do paro**, supoñendo unha **ruptura coa tradición norteamericana capitalista de non intervención do estado na economía e facendo de Roosevelt o presidente máis popular e duradeiro dos EEUU** (tres mandatos), a pesar da dura oposición que tivo entre os homes de negocios e o Tribunal Supremo para levar adiante as reformas.